

## **PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN APROBADA POLA 44ª ASSEMBLEA XERAL DE ADEGA**

**Fórum Carballo, 29 de febreiro**

### **1. LAGOA BALDAIO**

A asemblea de ADEGA insta á Xunta a elaborar un Plan de Conservación e Restauración da Lagoa de Baldaio que devolva o humidal no máximo posible ás súas condicións naturais, primando por riba de calquera outro uso ou destino a preservación dos hábitats e especies que alí habitan e que están protexidos pola UE, tendo en conta ademais a súa posible evolución polos efectos do quecemento global. Así mesmo, agardamos que a elaboración do planeamento se realice no marco dun proceso participativo onde teñan cabida as entidades ecoloxistas e os colectivos locais que se puidesen ver afectados.

### **2. ALCOA**

A asemblea de ADEGA esixe ás administracións da Xunta e do Estado obriguen a Alcoa a dar unha solución á balsa de lodos vermellos, que cumpran coa lexislación que limita a contaminación ambiental. E que as administracións traballen nun plan de transición ou reconversión industrial adaptada ás demandas e as capacidades e potencialidades da comarca que dea alternativa ante un futuro e hipotético peche de Alcoa.

### **3. COREN**

A Asemblea insta ao Grupo Coren a retirar a súa demanda contra Manuel García, do Movemento Ecoloxista da Limia, pola que lle reclama 1 millón de euros por presuntas “difamacións” contra a empresa nunha canle de televisión pública. Este tipo de demandas só tentan acalar aquelas voces críticas que defenden outro tipo de modelos de produción agrogandeira máis sostíbeis e que denuncian publicamente a contaminación de acuíferos e outro tipo de impactos ambientais negativos que xera na comarca da Limia o modelo intensivo de gandaría industrial que promove Coren. A asemblea súmase, así mesmo, á petición de MEL, da plataforma Auga Limpa Xa! E doutros colectivos que instar á Xunta a decretar unha moratoria na Limia para o outorgamento de licenzas para granxas de produción cárnica intensiva.

### **4. ELECCIÓNS**

A Asemblea insta a todas as formacións políticas candidatas ás Eleccións Autonómicas do vindeiro 5 de abril a que sitúen a cuestión da emerxencia climática e da transición ecolóxica como prioridade nos seus programas e axendas políticas, de cara a afrontar con realismo e urxencia políticas que freen o quecemento global e constrúan unha sociedade e un medio ambiente resiliente contra a mudanza climática.